

Febreiro 2018

Información da 5ª reunión (13 de febreiro) para o XV convenio colectivo de discapacidade

Constátanse os peores presaxios e hai acordo sindical de mobilizacións.

A **patronal** presentou as súas propostas por escrito, desta vez en tempo e forma, de cara a avanzarmos nesta reunión nas negociacións dos 2 bloques que se levan traballado. Non só se mantivo nos termos que xa nos avanzara nas anteriores reunións, senón que **introduciu propostas regresivas e que seguen a incidir na involución do convenio.**

No bloque de contratacións, formación e prevención de riscos, aínda que recollen propostas da plataforma de CCOO e UGT (e a estes lles podería valer) non recollen ningunha das nosas:

- nos contratos en prácticas e de formación os salarios non poden ser inferiores ao SMI en ningún caso,
- os de formación deben ter un 30% de tempo dedicado a formación como mínimo,
- proposta de subrogación empresarial,
- oferta de promoción interna,
- aos traballadores/as con contratos parciais, regulación negociada do acceso e o novo artigo proposto de “acción voluntaria”.

A proposta da patronal sen embargo vai na liña de **recortar os salarios nos contratos en prácticas ao “60%” no 1º ano e ao “75%” no 2º ano**, no canto do 85% e o 95% que había respectivamente, algo que **non aceptamos as tres OO.SS.** Ademais no de formación **pasan de dous anos a tres e o 2º e 3º ano só cun 15% de formación, eliminan os límites no número das contratacións temporais por empresa** (máx. 10% da plantilla), **non recollen as indemnizacións deste tipo de contratos a 20 días por ano e tampouco recollen a obriga de facer revisións médicas cando menos bianuais.**

No bloque de xornada, vacacións e permisos retribuídos (pois os salarios quedaron pendentes do estudo da clasificación profesional, que é a súa teima) **manteñen literalmente o que recolle o XIV convenio, cun pequeno “caramelo” nos permisos:**

c) *En caso de accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise re-*

pouso domiciliario, 3 días laborábeis (antes naturais) en caso de cónxuxe, fillos e pais e 2 naturais (ollo! antes 3) no resto de parentes até o 2º grado de consanguinidade ou afinidade (o resto igual).

Estes permisos poderanse gozar de forma continuada ou fraccionada. Sen embargo non aceptaron a nosa proposta (á parte doutras) de eliminar “dende o feito causante”.

A maiores **introducen un novo recorte e involución nos dereitos laborais que precariza máis a xornada**, que é o **incremento da bolsa de horas lexibles do 10% ao 15%**. E non contentos con iso, crean un novo concepto de emprego das ditas horas flexibles, **“utilízalas en sentido inverso”**, é dicir, reducir a xornada ou ter un descanso obrigatorio en momentos de pouco traballo, que se recuperará en picos altos de traballo e nun prazo de ata 6 meses do ano seguinte, non pechándoas no ano natural. **Nin aceptaron axustar a xornada semanal á anual** (as anuais están infladas).

Ante esta actitude as OO.SS pedimos un receso. Insistimos dende a CIG en **programar mobilizacións en todo o país**, que xa propuxeramos por correo de cara a esta reunión, logo de recibir por escrito a proposta da patronal. As demais OO.SS mostráronse receptivas ás mobilizacións, ante a postura inmovilista da patronal.

Faranse reunións de delegados/as e concretaranse as mobilizacións antes da 6ª reunión

Logo trasladóuselle a indignación do bando sindical á patronal, convidándoos a que modificaran a súa actitude impositiva e involucionista.

Ao final, mandarán para a **próxima mesa nova proposta de xornada mellorada**, xunto coa súa proposta estrela de **Clasificación Profesional e salarios**. Rematouse falando do problema dos que teñen o SMI, propondo o lado sindical unha proposta escrita, que recibirá resposta da patronal na sexta reunión, que se fixa para o **5 de abril ás 11 horas.**